

## PRIMEIRA ACTA DA XUNTA ELECTORAL

Na cidade de A Coruña e sendo as 12:30 horas do día dous de novembro de dous mil vinte, reúnense na dirección do C.E.I.P. Ramón de la Sagra, desta localidade, as persoas que máis abaixo se relacionan, nomeadas en virtude do artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, que regula a constitución da Xunta Electoral responsable da organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar, ao obxecto de tratar os seguintes asuntos:

**Primeiro.-** O Director do Centro, D. Francisco José Mourelo Barreiro que baixo a súa presidencia se realiza a reunión, da lectura a tódolos presentes dos artigos 30 e seguintes do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario

**Segundo.-** Seguidamente, en virtude das disposicións antes mencionadas, procédese á constitución da *Xunta Electoral* do Centro, quedando a mesma estruturada da forma seguinte:

- **Presidente:** D. Francisco José Mourelo Barreiro. Director do Centro.
- **Vocais:**
  - D<sup>a</sup> Margarita Canosa Prego (Mestra)
  - D<sup>a</sup> Rosa González Fontenla (Persoal de administración e servizos)
  - Representación das nais/pais, titor/a legal : Non poden exercer por motivos xustificad@s resultantes do sorteo para este efecto.Actúa como *Secretaria* D<sup>a</sup> Rosa González Fontenla

**Terceiro.-** A Xunta Electoral, unha vez constituída e de acordo coa lexislación vixente, procede a aprobar a publicación das convocatorias dos distintos sectores de representación, así como a publicación dos seus correspondentes censos electorais, e establece o seguinte calendario electoral (elíxense tres representantes do profesorado, dous das familias e unha de PAS).

- **Día 2 de novembro:**

- Publicación das convocatorias de eleccións nos distintos sectores educativos: profesores, pais/nais/titor/a legal e persoal de administración e servizos.
- Publicación provisional dos censos dos sectores educativos citados.
- Envío de escritos ao Concello e a ANPA solicitándolles a designación dos seus representantes.
- Notificación á comunidade educativa do procedemento de presentación de candidaturas do 2 ao 10 de novembro ás 14:00h, elabórase impreso ao efecto.



• **Día 15 de novembro** (Celebración da 2ª reunión da Xunta Electoral):

- Proclamación e posterior publicación de candidaturas individuais por sectores de representación.
- Aprobación definitiva de censos electorais, unha vez resoltas as posibles reclamacións.
- Aprobación de modelo de papeletas e sobres dos distintos actos electorais.
- Sorteo público da designación dos membros das mesas electorais.
- Aviso de presentación de candidaturas conxuntas se as houbera.

• **Día 19 de novembro:** reunión da xunta electoral.

- Aprobación das candidaturas conxuntas presentadas se has houbera.

• **Día 22 de novembro:**

Celebración das votacións de:

- Profesorado: das 11:30h ás 12:30h.
- Persoal de administración e servizos de 13:00h a 13:30 horas.
- Pais, nais e titores legais do alumnado, das 15'30h ás 18:30 horas.

• **Día 25 de novembro** (Celebración da última reunión da Xunta Electoral):

- Proclamación de candidatos electos.
- Traslado á Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria das copias de actas das votacións efectuadas.

E sen máis asuntos que tratar, o Director, como Presidente da Xunta Electoral, levanta a sesión ás 12:55 horas do día, mes e ano ao principio mencionado e que, como secretario/a, dou fe.

Vº E PRACE:  
O PRESIDENTE,



Asdo.: D. Francisco Mourelo Barreiro.



@S VOCAIS,

A SECRETARIA,



Asdo.: D.ª Rosa González Fontenla

Asdo.: D.ª Margarita Canosa Prego.

